



GALEGO SEN FRONTEIRAS
XXXIV Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas
3-24 de xullo de 2024

Cursos de verán de lingua e cultura galegas destinados a persoas de fóra de Galicia

NOME DA MATERIA: *Un camiño de contrastes e altibaixos: historia da literatura galega*

Nome da profesor/a: María López-Sández-USC

OBXECTIVOS

- Coñecer as fases polas que pasou a literatura galega desde o esplendor medieval ata a actualidade
- Entrar en contacto cos motivos literarios recorrentes da literatura galega e poñelos en relación con outras literaturas e coas circunstancias históricas que a condicionaron
- Profundar no coñecemento de autores e autoras esenciais da literatura galega
- Establecer conexións entre a literatura galega e as propias literaturas do alumnado, identificando focos de interese, comparatismo e colaboración

CONTIDOS

- 1ª Sesión: O alborecer das letras: o esplendor da lírica galego-portuguesa medieval
- 2ª Sesión: Esmorecemento e silencio: os séculos escuros
- 3ª Sesión: Un novo espertar: o Rexurdimento
- 4ª Sesión: Século XX: esplendor, noite de pedra e renacemento nun só século

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Ansende Estraviz, Alberte e Cesáreo Sánchez Iglesias (dir.) (1996). Historia da literatura galega. Asociación Socio-Pedagóxica Galega, pp. 353-384.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984). De Pondal a Novoneyra. Xerais.
- Tarrío Varela, Anxo (1994). Literatura galega: aportacións a unha historia crítica. Xerais.
- Vilavedra, Dolores (1999). Historia da literatura galega. Galaxia.

AVALIACIÓN

- A avaliación realizarase a través dunha tarefa que consistirá nunha exposición por parte do alumnado que poña en relación algún aspecto da literatura galega (autor, obra, época, motivo temático...) coa/s literatura/s de referencia por nacionalidade ou dedicación de cada alumno ou alumna.